



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 2 de febreiro de 2022.**

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 26 de xaneiro de 2022.
2. Dáse conta da ampliación do prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en rexime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023.
3. Dáse conta da ampliación do prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 1 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se procede á súa convocatoria en rexime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o 2022.
4. Dáse conta da Orde do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022.
5. Dáse conta da Orde do 27 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2022, tramitada como anticipado de gasto.
6. Dáse conta da Orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.
7. Dáse conta da Orde do 7 de xaneiro de 2022 (DOG nº 21 de 1.02.22) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en

1 de 2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000A95A900O2Z3T2G1U6G2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SE001-011
	BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 04/02/2022 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/02/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/02/2022 13:49:41	Fecha: 27/01/2022 Hora: 09:14 Und. reg: REGISTRO GENERAL



situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022.

8. Dáse conta da Orde do 7 de xaneiro de 2022 (DOG nº 21 de 1.02.22) pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.
9. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000A95A900O2Z3T2G1U6G2 en https://sede.concellodemarin.es	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 04/02/2022 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 04/02/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/02/2022 13:49:41</p>	<p>EXPEDIENTE : 2022SE001-011</p> <p>Fecha: 27/01/2022</p> <p>Hora: 09:14</p> <p>Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
--	--	---

